

## Nova

Está vostede en [Inicio](#) » Novas

# A Secretaría Xeral de Comunicación comeza os traballos de rehabilitación e acondicionamento das torres alemás de Cospeito

- » Os traballos pretenden recuperar e recoñecer unha infraestrutura de gran valor patrimonial e tecnolóxico
- » Comezouse a acondicionar o contorno das torres mediante o seu desbroce e instalouse un vento de reforzo nunha das antenas ante o perigo de derrubamento

**Santiago, 12 de outubro de 2008.**- A Secretaría Xeral de Comunicación comezou esta semana os traballos de rehabilitación e acondicionamento das torres alemás de Cospeito (Lugo). Estas accións están encamiñadas a recuperar e recoñecer unha infraestrutura de gran valor patrimonial e tecnolóxico.

Os primeiros traballos realizados consisten no acondicionamento e desbroce do contorno das torres. Ademais, desde a Secretaría Xeral de Comunicación decidiuse despregar un novo vento ou cabo de aceiro para reforzar o andaxe dunha das torres e evitar así calquera perigo de derrubamento. As torres, de máis de cen metros de altura, están apoiadas no chan nunha pequena peza de cerámica , garantíndose o seu equilibrio a través dunha conxunto de ventos de aceiro situados a distintos niveis.

## Recuperación e posta en valor

Paralelamente, en coordinación co Ministerio de Defensa, titular das instalacións, estanse a estudar medidas para rendabilizar socialmente a zona, baseadas no modelo escola-obraodiro. Así, trabállase na posible creación dun obraodiro de emprego que permita recuperar as instalacións, buscarles o uso máis axeitado e polas en valor.

A mellora das torres, tal e como a conciben ambas as administracións, pasaría por recuperar a explicación histórica do que representaron na contenda mundial, así como por avaliar a utilidade destas grandes antenas para o trasnporte de servizos de telecomunicacións. O obxectivo último pasa por recuperar as instalacións para que os visitantes poidan coñecer a historia, a través destas construcións, mediante vídeos que se proxectarán no mesmo lugar. Entre outros posibles usos que se estudan para as torres atópase aproveitalas para o servizo TDT na Terra Chá, para levarlle a radio aos mariñeiros, ou ben, para mellorar a telefonía móvil na zona.

## A infraestrutura

Cada unha das antenas alcanza os 112 metros de altura e coñécense como as antenas de Hitler ou as Torres do Arneiro. Trátase de tres grandes radiofaros que o Tercer Reich alemán instalou en 1940 na Terra Chá license como sistema de posicioamento de localización de submarinos e avións no Atlántico. Son os últimos vestixios dun primitivo sistema de radiolocalización (predecesor do GPS) europeo, do que se beneficiaron igualmente os británicos para as súas operacións bélicas. Máis recentemente, ata os anos 70, as torres de Cospeito prestaron servizo á aviación civil.

## A Dirección Xeral

- [Obxectivos](#)
- [Organigrama](#)
- [Proxectos](#)
- [Axudas - Subvencións](#)
- [Novas](#)